# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15023338 | IES Praia Barraña | Boiro | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua estranxeira - Inglés | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 19 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 20 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 24 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 24 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 25 |
| 9. Outros apartados | 26 |

## 1. Introdución

# CONTEXTO

O IES "Praia Barraña" é un dos tres centros de ensino secundario existentes en Boiro (A Coruña), localidade pertencente ao concello do mesmo nome situado nas Rías Baixas galegas, na denominada Comarca do Barbanza.
Trátase dun concello costeiro, duns vinte mil habitantes( 18.976 hab. segundo o censo de 2022) aproximadamente, estreitamente vencellado ás actividades marítimas, que constitúen o núcleo principal da súa economía. A pesca, o marisqueo e a industria conserveira son as actividades laborais máis destacadas que ocupan aos seus habitantes, aínda que comeza a gañar peso na súa economía o sector servizos, todo elo debido ás grandes posibilidades turísticas dunha zona que se encontra en constante expansión.
Con todo isto, o nivel socioeconómico da poboación residente neste concello pódese considerar coma medio–alto,( 924 personas en paro en abril de 2021 (un -19,93% respecto ao mes do ano anterior) grazas sen dúbida a que a vila se encontra nunha das zonas de maior dinamismo tanto económico coma demográfico da Comunidade Galega.
ALUMNADO
No curso actual, 2024-20245, o IES ten unha matrícula de 403 estudantes distribuídos en 167 na ESO e 231 en Bacharelato que se distribuirán en 17 grupos: dúas liñas en 1º, 2º e 3º de ESO e unha en 4º de ESO. Contamos tamén coa Unidade de Educación especial con 5 estudantes e o Programa de diversificación curricular en 4º de ESO cunha ratio de 8 estudantes. En 1º e 2º de Bacharelato contamos con catro liñas que agrupan as tres modalidades formativas.
PROFESORADO
Neste curso 2024/2025 a materia será impartida polos seguintes profesores definitivos: Xosé Manuel Rivas Pérez, Purificación Vez Fernández e Mª Luisa Martínez Muñiz. A maiores, contamos cunha profesora de Historia que tamén impartirá catro horas de conversación de inglés en 1º e 2º da ESO.

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 1º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.
O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.
Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.
Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 3 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | 3-3 | 3 | 3 | | |
| OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | 1-1-3-3 | | 1 |
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre ou seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas. | | 2 | 1 | 2 | 1-5 | | | |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 3 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Teen Life | Aproximación ás vidas, rutinas e actividades de adolescentes arredor do mundo. | 5 | 22 | X | | |
| 2 | That's Entertainment | Familiarización con distintos tipos de entretenemento, desde festivais ata libros e películas. | 5 | 21 | X | | |
| 3 | Where We Live | Coñecemento de distintos tipos de casas, cidades, así como o tempo | 20 | 32 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Where We Live | atmosférico. | 20 | 32 | | X | |
| 4 | Special Events | Achegamento ao mundo do deporte e eventos culturais. | 70 | 30 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Teen Life | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Comprender o sentido global de textos orais,<br>escritos e multimodais. | PE | 70 |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información. | Seleccionar a idea principal dunha mensaxe oral ou texto escrito. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles adaptados á situación comunicativa. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Producir textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación. | Expresar oralmente textos breves adecuados á situación comunicativa. | TI | 30 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, a través de diversos soportes. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións. | Utilizar estratexias adecuadas para manter<br>unha comunicación. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Transmitir información, de forma guiada, utilizando distintos recursos e soportes. | | |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Utilizar estratexias que axuden á comprensión e<br>produción de información. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas<br>entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar coñecementos e estratexias, de forma progresivamente autónoma, para aprender a lingua estranxeira. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe). | Identificar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira por medio de actividades de autoavaliación. | | |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns. | Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | | |
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural. | | |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Apreciar a diversidade en todos os ámbitos persoais baseándose no respecto cara aos demáis. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.<br>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.<br>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. |

| Contidos |
|---|
| - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.<br>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.)¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.<br>- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.<br>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.<br>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | That's Entertainment | 21 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais. | PE | 70 |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información. | Seleccionar a idea principal dunha mensaxe oral ou texto escrito. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles adaptados á situación comunicativa. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Producir textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas. | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación. | Expresar oralmente textos breves, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa. | TI | 30 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, a través de diversos soportes. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións. | Utilizar estratexias adecuadas para manter unha comunicación. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Transmitir información, de forma guiada, utilizando distinto recursos e soportes. | | |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Utilizar estratexias que axuden á comprensión e produción de información. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar coñecementos e estratexias, de forma progresivamente autónoma, para aprender a lingua estranxeira. | | |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe). | Identificar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira por medio de actividades de autoavaliación. | | |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns. | Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | | |
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Apreciar a diversidade en todos os ámbitos persoais baseándose no respecto cara aos demáis. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.<br>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.<br>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.<br>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.)¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. |

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.<br>- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.<br>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.<br>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Where We Live | 32 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais. | PE | 70 |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información. | Seleccionar a idea principal dunha mensaxe oral ou texto escrito. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles adaptados á situación comunicativa. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Producir textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas. | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación. | Expresar oralmente textos breves, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa. | TI | 30 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, a través de diversos soportes. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións. | Utilizar estratexias adecuadas para manter unha comunicación. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Transmitir información, de forma guiada, utilizando distinto recursos e soportes. | | |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Utilizar estratexias que axuden á comprensión e produción de información. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar coñecementos e estratexias, de forma progresivamente autónoma, para aprender a lingua estranxeira. | | |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe). | Identificar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira por medio de actividades de autoavaliación. | | |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns. | Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | | |
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural. | | |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Apreciar a diversidade en todos os ámbitos persoais baseándose no respecto cara aos demáis. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.<br>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.<br>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. |

| **Contidos** |
|---|
| - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.<br>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.)¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.<br>- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.<br>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.<br>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Special Events | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais. | PE | 70 |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información. | Seleccionar a idea principal dunha mensaxe oral ou texto escrito. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles adaptados á situación comunicativa. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Producir textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas. | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación. | Expresar oralmente textos breves, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa. | TI | 30 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, a través de diversos soportes. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións. | Utilizar estratexias adecuadas para manter unha comunicación. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Transmitir información, de forma guiada, utilizando distinto recursos e soportes. | | |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Utilizar estratexias que axuden á comprensión e produción de información. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar coñecementos e estratexias, de forma progresivamente autónoma, para aprender a lingua estranxeira. | | |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe). | Identificar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira por medio de actividades de autoavaliación. | | |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns. | Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | | |
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Apreciar a diversidade en todos os ámbitos persoais baseándose no respecto cara aos demáis. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.<br>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.<br>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.<br>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.)¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. |

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.<br>- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.<br>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.<br>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

As metodoloxías didácticas empregadas polo docente favorecerán que o alumnado sexa o axente da súa propia aprendizaxe. Ao mesmo tempo, será progresivamente más autónomo e gradualmente máis responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Isto implica ter en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas, co fin de sentar as bases para a aprendizaxe ao longo de toda a vida.
As situacións de aprendizaxe integrarán tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade. Ditas tarefas ou actividades favorecerán diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica implicará a produción e a interacción verbal e incluirá o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| - Un ordenador portátil por aula con proxector e encerado dixital |
| - Un teléfono móbil, unha tablet e un altofalante portátil para uso do profesor |
| - Auriculares para uso de alumnos con dificultades de audición |
| - Student¿s book da Editorial Burlington: Options 1ºESO ISBN: 978-9925-30-894-1 |
| - Acceso gratuito ao Webbook de Burlington |
| - Recursos online para alumnos a cargo da editorial en www.burlingtonbooks.es |

| |
|---|
| - Ferramentas TIC |
| - Un libro de lectura no segundo trimestre |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser os aportados pola editorial Burlington, de creación propia ou poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As dúas primeiras semanas do curso servirán para obervar directamente ao alumnado e facerlle unha proba escrita dirixida a valorar a súa competencia lingüística, facendo fincapé nas destrezas e contidos máis significativos para levar a cabo o proceso comunicativo. Faranse tamén actividades orais para comprobar a súa destreza de speaking. No caso de detectar dificultades relacionadas coas destrezas lingüísticas orais ou escritas, serán tidas en conta na elección das tarefas da primeira unidade do curso, de tal xeito que lle permita ao alumnado reforzar ditas habilidades. A ese alumnado con máis dificultades, prestaráselle unha atención máis individualizada, na medida do posible. No caso de detectar dificultades especiais de aprendizaxe, aplicaranse protocolos ao respecto en coordinación co Departmento de Orientación.
Temporalización da avaliación:
A avaliación desenvólverase durante o mes de setembro.
As sesions da mesma serán o 14, 15 e 16 de outubro
Instrumentos:
1. Proba de nivel baseada na comprensión e expresión escritas.
2. Interacción oral entre os membros do grupo clase.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **5** | **5** | **20** | **70** | **100** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 70 | 70 | **70** |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 30 | 30 | **30** |

**Criterios de cualificación:**

A AVALIACIÓN nesta materia é continuada e progresiva.
O primeiro trimestre terá un peso do 10% da cualificación final.
O segundo trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
O terceiro trimestre terá un peso do 70% da cualificación final.

As cualificación do PRIMEIRO E TERCEIRO TRIMESTRES conformaranse coa seguinte ponderación:
1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 55%
Instrumentos de avaliación: Preguntas de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar,

preguntas de relacionar e identificación de patróns sonoros nun texto.
2. PRODUCIÓN ORAL (CA1.3):10%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
3. PRODUCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%
Instrumentos de avaliación: redacción guiada de textos.
4. INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
5. MEDIACIÓN (CA1.8 + CA1.9): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Por contra, a cualificación do SEGUNDO TRIMESTRE conformarase coa seguinte ponderación:
1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 58%
Instrumentos de avaliación: Preguntas de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e identificación de patróns sonoros.
2. PRODUCIÓN ORAL (CA1.3):10%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
3. PRODUCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 12%
Instrumentos de avaliación: redacción guiada de textos.
4. INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
5. MEDIACIÓN (CA1.8 + CA1.9): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A CUALIFICACIÓN FINAL obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 4.5. Aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa igual ou superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. Na ESO, a materia cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 a 10. A avaliación estará aprobada cando a cualificación, despois de aplicar o redondeo, sexa 5 ou superior.

CONSECUENCIAS DA FALTA DE ASISTENCIA A UNHA PROBA
Cando o alumno/a saiba que vai faltar a unha proba, debe poñerse en contacto co docente con antelación ao mesmo día da proba, xustificar a falta debidamente (cita médica, citación do xuzgado...) e acordar unha nova data de realización da mesma.

Cando a falta sexa debida a un imprevisto, a proba realizarase o primeiro día que o alumno/a se incorpore á clase de inglés, sen que o docente teña a necesidade de comunicalo. A falta debe xustificarse debidamente (xustificante médico, do xuzgado...)

No caso de non poder xustificar a falta de asistencia documentalmente, o alumno/a ten dereito a ser avaliado/a, tal e como se recolle nas NOF do centro. Nese caso, o docente decidirá como e cando facelo, incluíndo a posibilidade de xuntar probas.

CONSECUENCIAS DE COPIAR NUNHA PROBA ESCRITA OU NALGÚN TRABALLO
Se o profesor/a sorprende a algún alumno/a copiando nunha proba (xa sexa durante a realización da mesma ou durante a corrección) ou se hai probas evidentes de que deixou copiar, dita proba será anulada e o alumno/a terá que facer unha nova proba na próxima hora de clase, podendo variar o formato da mesma.

Se entregan un traballo con información plaxiada, será anulado e non terán máis oportunidades para facelo.

Consideraranse como casos de fraude académico os seguintes:

1. Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos, ou utilizar documentos falso.
2. Copiar e/ou plaxiar.
3. Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento.
4. Coñecer previamente as preguntas dun exame para preparar as respostas.
5. Utilizar ou recorrer algún outro tipo de trampa ( dispositivo electrónico, auricular...).
6. Ocultar as fontes ou recursos utilizados( enténdase IA, entre outros) para a elaboración de traballos ou outros instrumentos avaliables.

CONSECUENCIAS DE FALTAR A UNHA ACTIVIDADE PROGRAMADA FÓRA DO CENTRO

Para compensar a ausencia a unha excursión con fins didácticos, o profesor/a asignará outras tarefas de obrigado cumprimento para ese alumnado.

**Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada obtendo unha nota final igual ou superior a 4.5 en calquera dos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.
Logo das tres avaliacións trimestrais, e despois de aplicar a ponderación de 10% + 20% + 70% especificada no apartado anterior, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá unha oportunidade para recuperar a materia realizando a mediados de xuño unha proba final de comprensión oral e escrita e de produción escrita.
Nesta proba de recuperación, a mediados de xuño, o alumnado só tería que recuperar as partes suspensas no terceiro trimestre das probas escritas, é dicir, os criterios de avaliación CA1.1, CA1.2, CA1.4 e CA1.5.
As partes avaliadas no terceiro trimestre mediante táboas de indicadores (CA1.3, CA1.6,CA1.7, CA1.8,CA1.9, CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1, CA3.2, CA3.3) non serían recuperables pero incluiríanse no recálculo da nota tras o exame de recuperación.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede porque o alumnado de 1º ESO non ten que avaliarse das materias que teña suspensas do curso anterior.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Á aquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe relacionadas con casos diagnosticados (TDAH, TEA, dislexia...) aplicaránselle as medidas suxeitas aos protocolos da Xunta.
Casos diagnosticados:
1º ESO A: 1 caso de dislexia, 1 caso de TEA e 1 caso de dislexia con TEL (Trastorno Específico da Linguaxe) e Dislalia funcional.
1º ESO B: 1 caso de TEA e TDAH, 1 caso de TDAH e dislexia

Ao inicio de curso tamén se desenvolverá unha reunión de cooordinación para fixar o procedemento a seguir coa docente que imparte a exención, a profesora de Pedagoxía Terapéutica. Esta diseñará o seguinte tipo de actividades:
- Actividades de reforzo e ampliación para a comprensión e expresión escrita.
- Actividades de acompañamento para a preparación de probas, lecturas e traballos deseñados dende a aula de referencia.
Ao alumnado que presente altas capacidades tamén se lle asignarán actividades adaptadas ao seu nivel sempre e cando se considere necesario.

A METODOLOXÍA utilizada para a diversidade incluiría o uso de pictogramas, ampliación de tempos de realización, adaptación de exames, recursos espaciais (distribución da aula), material de apoio visual, probas orais e alternativas de intrumentos de cualificación se fose necesario.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - A competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|---|---|---|---|
| ET.7 - A creatividade | X | X | X | X |
| ET.8 - A educación para a saúde | X | | | X |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais | X | X | X | X |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | | | X | X |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial | X | X | X | X |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X |

**Observacións:**

As unidades didácticas desenvolven, de forma contextualizada, temas variados da vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo do curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o respecto mutuo e cooperación entre iguais, máis o fomento do espírito crítico son elementos transversais presentes en todas as unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as catro últimas son inherentes ao traballo colaborativo, ao uso das TICs e á creación dun pensamento propio.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, e o emprendemento social e empresarial son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| 3º Trimestre: Visionado dunha película ou documental en inglés | Tarefa relacionada coa proxección. | | | X |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade. |
| Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela. |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar. |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |

| |
|---|
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas. |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos. |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten. |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe. |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita. |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Emprego distintos procedementos de avaliación en función das características dos alumnos/as. |
| Informo ao alumnado e ás familias por medio do titor dos progresos e dificultades. |

**Descrición:**

Estes indicadores revisaranse ao termo de cada trimestre coa fin de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En reunións periódicas, os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc.
Ademais, despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluirá todos os aspectos, desde o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, as actividades programadas, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Recolleranse en acta os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.
Na reunión de final de curso previa á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.
Ademais, o profesorado poderá obter información da práctica docente a través dun cuestionario individual e anónimo, incluído na Aula Virtual do centro, que se realizará durante o horario lectivo en coordinación coa xefatura de estudos.

En definitiva, cada docente de forma individual e dentro

dos órganos colexiados, avaliará a súa práctica docente a través das seguinets ferramentas:

- A análise de resultados realizado dende xefatura de estudos e presentados en Claustro e Consello Escolar.
- A análise de resultados recollida en acta de cada departamento.
- O Seguimento final realizado na aplicación Proens por cada docente
- A memoria final de cada departamento.
- Reflexión privada do propio docente, con énfase na análise dos seus resultados e propostas de mellora, que se recollerá nun arquivo doc.

## 9. Outros apartados

### 1. Reforzo da destreza oral

Neste curso tamén contamos con once horas dedicadas ao reforzo da destreza oral (speaking), impartidas polos tres profesores/as definitivos do departamento e outro docente máis que dará inglés como materia afín. Estes reforzos abarcan todos os cursos, agás 3º PDC e 2º BACH.